

ANEXO II

Clasificación de zonas en función dos datos de actividade de *Culicoides* multiparos por trampa

A. Zona restrinxida S-1:

A.1 Zona estacionalmente libre desde o 1 de novembro de 2007.

A Comunidade Autónoma de La Rioja.

As seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

a) Na Comunidade Autónoma de Aragón: na provincia de Huesca, as comarcas veterinarias de Ayerbe, Jaca e Sabiñánigo; na provincia de Zaragoza, as comarcas veterinarias de Ejea de los Caballeros e Sos del Rey Católico.

b) Na Comunidade Autónoma de Castilla y León: na provincia de Burgos, as comarcas veterinarias de Miranda de Ebro, Medina de Pomar, Valle de Mena, Brieviesca, Villarcayo de las Merindades de Castilla la Vieja, Espinosa de los Monteros e Belorado.

c) Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Álava.

d) Na Comunidade Foral de Navarra: as comarcas veterinarias de Elizondo, Estella, Ochagavía, Pamplona, Sangüesa, Tafalla e Tudela.

A.2 Zona estacionalmente libre desde o 15 de decembro de 2007.

Na Comunidade Autónoma de Cantabria: as comarcas veterinarias de Gama (Bárcena de Cicero), Ramales e Solares (Medio Cudeyo).

A.3 Zona estacionalmente libre desde o 30 de decembro de 2007.

Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Bizkaia.

A.4 Zona non estacionalmente libre.

a) Na Comunidade Autónoma do País Vasco: a provincia de Guipuzkoa.

b) Na Comunidade Foral de Navarra: as comarcas veterinarias de Santesteban e Irurzun.

B. Zona restrinxida S-1-4:

B.1 Zona estacionalmente libre desde o 15 de novembro de 2007.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

B.2 Zona estacionalmente libre desde o 1 de decembro de 2007.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de El Barco de Ávila, El Barraco, Cebreros, Las Navas del Marqués e Navalunga.

Provincia de Toledo.

Provincia de Ciudad Real.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

Na Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejo de Salvanes, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

Provincia de Cáceres.

Provincia de Almería, as comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax.

Provincia de Granada, as comarcas veterinarias de Motril e Órgiva.

B.3 Zona estacionalmente libre desde o 15 de decembro de 2007.

Provincia de Ávila, as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Badajoz.

Provincia de Jaén: a comarca veterinaria de Andujar, Jaén, Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Cortegana, Aracena, Puebla de Guzmán, Valverde del Camino, La Palma del Condado e Cartaya.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Montoro, Pozoblanco, Hinojosa del Duque, Peñarroya-Pueblo Nuevo, Posadas, Montilla, Lucena e Baena.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Lebrija, Marchena, Osuna, San Lúcar la Mayor, Utrera, El Ronquillo, Cazalla, Cantillana, Carmona e Ecija.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Ronda e Antequera.

Provincia de Cádiz: as comarcas veterinarias de Campiña e Sierra de Cádiz.

B.4 Zona estacionalmente libre desde o 30 de decembro de 2007.

Provincia de Huelva: a comarca veterinaria de Almonte.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Litoral.

B.5 Zona non estacionalmente libre.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Málaga, Cartaza, Estepona e Vélez Málaga.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Campo de Gibraltar e La Janda.

Cidades de Ceuta e Melilla.

C. Zona libre: o resto do territorio nacional.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

22528 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 313, do 31-12-2007.)*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A disposición derradeira primeira da Lei 15/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei, refundise nun só texto a devandita lei e mais a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, regularizando, aclarando e harmonizando as normas refundidas entre si, así como co disposto na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamenta-

ria, na Lei orgánica 3/2006, de reforma daquela, na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Esta habilitación ten por finalidade incrementar a claridade do sistema de disciplina fiscal e de xestión orzamentaria ao integrar a Lei xeral de estabilidade e a súa modificación nun único corpo normativo, contribuíndo con isto a mellorar a seguranza xurídica das administracións intervenientes.

E en exercicio de tal autorización elabórase este real decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, mantendo a estrutura e sistemática da Lei 18/2001, do 12 de decembro, e as súas divisións en títulos, capítulos e seccións.

II

A Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria –e a súa complementaria Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro– supuxo un bo instrumento no proceso de consolidación fiscal. Este proceso foi, sen dúbida, unha das claves da política económica, que fixo posible o acceso de España á Unión Económica e Monetaria en 1999 e que deu lugar a un importante cambio estrutural no comportamento da nosa economía. O principal reto da política económica a partir de aquí foi manter e prolongar o ciclo expansivo de longa duración, aproveitando plenamente as oportunidades derivadas da nosa participación no proceso de construción europea, de forma que seguisen aumentando as rendas, o emprego e o benestar dos cidadáns españois.

Para estes fins, a política orzamentaria foi e será un elemento de primeira orde, polo que o rigor nas contas públicas que as leis mencionadas impuxeron resultou eficaz para mellorar a xestión orzamentaria e conseguir os obxectivos económicos fixados.

Non se pode deixar de mencionar que unha das claves da normativa de estabilidade foi desde o principio que, ao esforzo do Estado, se sumaba o do resto das administracións públicas. Así, en virtude do disposto nos artigos 149.1.13.^a –bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica– e 149.1.18.^a –bases do réxime xurídico das administracións públicas– da Constitución, o marco da estabilidade orzamentaria configurouse con carácter básico, resultando, en consecuencia, aplicable a todas as administracións públicas nas súas distintas personificacións, co obxecto de que a actuación orzamentaria coordinada de todas elas, posta ao servizo da política económica do Goberno, permitise conseguir a imprescindible estabilidade económica interna e externa, como base para o mantemento do escenario económico, dobremente caracterizado por un elevado crecemento e unha elevada taxa de creación de emprego.

Adicionalmente, e como fundamento constitucional da competencia do Estado para a aprobación da Lei de estabilidade, hai que referirse ao disposto no artigo 149.1.11.^a da Constitución –sistema monetario– en canto un dos seus obxectivos é garantir a permanencia de España como un dos países que teñen no euro a súa moeda nacional, e no artigo 149.1.14.^a –Facenda xeral e débeda do Estado– por canto esta lei constitúe un instrumento ao servizo da coordinación entre a Facenda pública do Estado e as das comunidades autónomas.

Este amplo ámbito de actuación fixo necesario contar cunha lei orgánica complementaria para, así, respectar o ámbito de autonomía financeira que o artigo 156.1 da Constitución garante ás comunidades autónomas.

III

Non obstante a eficacia amosada polo sistema, non cabe dúbida de que determinados aspectos puxeron de manifesto insuficiencias que exixían a súa modificación para adaptalas á realidade dun Estado descentralizado, no que concorren varias administracións públicas, e ás exixencias da política económica. Así se levou a cabo mediante a Lei 15/2006, do 26 de maio, e a súa complementaria Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio. Os aspectos máis destacables sobre os que incidiu a reforma que estas leis supuñañan poden resumirse da seguinte forma.

O primeiro elemento da reforma era a introdución dun novo mecanismo para a determinación do obxectivo de estabilidade das administracións públicas territoriais e os seus respectivos sectores públicos, apoiado no diálogo e a negociación. Así, o obxectivo de estabilidade de cada comunidade autónoma será acordado co Ministerio de Economía e Facenda tras unha negociación bilateral, sen prexuízo de que, en última instancia, sexa ás Cortes Xerais e ao Goberno aos que lles corresponda adoptar as decisións esenciais sobre a política económica, conforme o disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución. O novo mecanismo combina, por tanto, o respecto á autonomía financeira cos obxectivos de política económica xeral.

Tamén, pola necesidade de potenciar os principios constitucionais de solidariedade, cooperación, coordinación e lealdade recíproca entre as distintas entidades territoriais, se reforza o papel do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local, como órganos de coordinación multilateral entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais.

O segundo elemento sobre o que incidiu a reforma foi a potenciación do principio de transparencia. Neste sentido, modificouse a regulación das obrigas de subministración de información, directamente e a través do Consello de Política Fiscal e Financeira, así como o acceso dos cidadáns á devandita información. Outro aspecto relevante en que se aumenta a transparencia é a desagregación dos saldos orzamentarios do Estado e a Seguridade Social. A reforma separa totalmente o obxectivo de estabilidade do Estado do da Seguridade Social, o cal resulta moi lóxico se valoramos que este debe atender ás consideracións demográficas e sociais a medio e longo prazo.

A terceira reforma, e posiblemente a de máis calado, foi a relativa á flexibilización do principio de estabilidade, atendendo á situación económica, de modo que poida combaterse o ciclo, adaptando a política orzamentaria ao ciclo económico co fin de o suavizar.

IV

Polo que se refire á aplicación do principio de estabilidade orzamentaria no ámbito das entidades locais, a reforma levada a cabo no ano 2006 partiu de diferenciar claramente entre dous tipos de entidades locais, isto é: en primeiro lugar, as incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a algunha das cales lles será de aplicación, igual que para o Estado e as comunidades autónomas, o principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada ao longo do ciclo económico; e en segundo lugar, o resto das entidades locais, que deberán axustar os seus orzamentos ao principio de

estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit.

Á vista de todo o anterior, e facendo uso da habilitación concedida, elaborouse o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria que se aproba mediante este real decreto lexislativo e que ten por obxecto recoller nun só texto, de maneira sistemática, as modificacións expostas.

Na súa virtude, por iniciativa e proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co/oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2007,

DISPÓN O :

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

Apróbase o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións á Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria que se aproba e, en particular, por integrarse no devandito texto refundido:

- a) A Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.
- b) A Lei 15/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor da lei.*

1. Este real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será aplicable aos orzamentos cuxa elaboración deba iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2007.

2. Non obstante, as previsións do artigo 7 do texto refundido, que permiten, con carácter excepcional, aos suxeitos comprendidos nos seus artigos 2.1.a) e c) e 19.1, presentar déficit cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

TEXTO REFUNDIDO DE LA LEI XERAL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ÍNDICE

Título I. Ámbito de aplicación da lei e principios xerais.

Capítulo I. Ámbito de aplicación.

Artigo 1. Ámbito de aplicación obxectivo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

Capítulo II. Principios xerais.

Artigo 3. Principio de estabilidade orzamentaria.

Artigo 4. Principio de plurianualidade.

Artigo 5. Principio de transparencia.

Artigo 6. Principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

Título II. Estabilidade orzamentaria do sector público.

Capítulo I. Disposicións comúns.

Artigo 7. Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.

Artigo 8. Establecemento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Artigo 9. Informes sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Artigo 10. Consecuencias derivadas do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Capítulo II. Estabilidade orzamentaria do sector público estatal.

Sección 1.^a Elaboración dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 11. Escenario orzamentario plurianual.

Artigo 12. Limite máximo anual de gasto.

Artigo 13. Instrumentación do principio de transparencia.

Artigo 14. Corrección da situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade.

Sección 2.^a Xestión orzamentaria

Artigo 15. Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

Artigo 16. Modificacións de crédito.

Artigo 17. Saldo de liquidación orzamentaria.

Sección 3.^a Entes de dereito público do artigo 2.2.

Artigo 18. Réxime aplicable aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.

Capítulo III. Estabilidade orzamentaria das entidades locais.

Artigo 19. Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

Artigo 20. Obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

Artigo 21. Subministración de información.

Artigo 22. Corrección das situacións de incumprimento do obxectivo de estabilidade.

Artigo 23. Autorización de operacións de crédito e emisión de débeda.

Artigo 24. Central de información.

Artigo 25. Réxime aplicable aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.

Disposición adicional única. Non asunción polo Estado de obrigas contraídas por outras administracións.

Disposición transitoria primeira. Determinación transitoria dos limiares de crecemento económico a que se refire o artigo 7 desta lei.

Disposición transitoria segunda. Réxime dos plans de saneamento aprobados antes da entrada en vigor da lei.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico da lei.

Disposición derradeira segunda. Carácter básico das normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento normativo da lei.

Disposición derradeira cuarta. Facendas forais.

TÍTULO I

Ámbito de aplicación da lei e principios xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito de aplicación obxectivo.*

Constitúe o obxecto desta lei o establecemento dos principios reitores a que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público para a consecución da estabilidade e crecemento económicos, no marco da Unión Económica e Monetaria, así como a determinación dos procedementos necesarios para a aplicación efectiva do principio de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e en virtude da competencia do Estado respecto das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. Para os efectos desta lei, o sector público considérase integrado polos seguintes grupos de axentes:

a) A Administración xeral do Estado, os organismos autónomos e os demais entes públicos vinculados ou dependentes daquela, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, así como os órganos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais do Estado.

b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

c) A Administración das comunidades autónomas, así como os entes e organismos públicos dependentes daquela que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

d) As entidades locais, os organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

2. O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán así mesmo consideración de sec-

tor público e quedarán suxeitos ao disposto no título I desta lei e ás normas que especificamente se refiran a elas.

CAPÍTULO II

Principios xerais

Artigo 3. *Principio de estabilidade orzamentaria.*

1. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación cos suxeitos a que se refire o artigo 2.1.a) e c) desta lei, a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e nas condicións establecidas para cada unha das administracións públicas.

Os suxeitos a que se refire o artigo 2.1.d) desta lei suxeitaranse ao principio de estabilidade nos termos establecidos no artigo 19 desta lei.

2. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación cos suxeitos a que se refire o artigo 2.1.b) desta lei, a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

3. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos suxeitos a que se refire o artigo 2.2 desta lei realizarase dentro dun marco de estabilidade orzamentaria.

Entenderase por estabilidade orzamentaria con relación aos ditos suxeitos a posición de equilibrio financeiro.

Artigo 4. *Principio de plurianualidade.*

A elaboración dos orzamentos no sector público enmarcarase nun escenario plurianual compatible co principio de anualidade polo que se rexe a aprobación e execución orzamentaria.

Artigo 5. *Principio de transparencia.*

Os orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei e as súas liquidacións deberán conter información suficiente e adecuada para permitir a verificación da adecuación ao principio de estabilidade orzamentaria, así como o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a observancia das obrigas impostas polas normas comunitarias en materia de contabilidade nacional.

Artigo 6. *Principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.*

1. As políticas de gastos públicos deben establecerse tendo en conta a situación económica e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e executarase mediante unha xestión dos recursos públicos orientada pola eficacia, a eficiencia e a calidade.

2. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación dos suxeitos a que se refire o artigo 2 desta lei que afecte os gastos públicos, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das exixencias do principio de estabilidade orzamentaria.

TÍTULO II

Estabilidade orzamentaria do sector público

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 7. *Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.*

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.a), c) e d) desta lei realizarase, con carácter xeral, en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

2. Excepcionalmente, os suxeitos comprendidos nos artigos 2.1.a) e c) e 19.1 desta lei poderán presentar déficit naqueles exercicios para os cales, sobre a base do informe previsto no número 2 do artigo 8 desta lei, se preveza un crecemento inferior á taxa de variación do produto interior bruto nacional real a que se refire o número seguinte.

Neste suposto, a Administración que preveza incurrir en déficit deberá presentar ao Ministerio de Economía e Facenda unha memoria plurianual en que amose que a evolución prevista dos saldos orzamentarios, computados na forma establecida no número anterior, garante a estabilidade ao longo do ciclo.

3. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Facenda e co informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local, fixará para un período de tres exercicios orzamentarios a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o limiar de crecemento económico por debaixo do cal os suxeitos a que se refire o número anterior poderán excepcionalmente presentar déficit. Igualmente, fixará para o mesmo período a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o limiar de crecemento económico por riba do cal os referidos suxeitos deberán presentar superávit.

4. Unha vez fixadas as taxas de variación a que se refire o número anterior, aquelas non poderán modificarse ata transcorrido o período para o cal foron establecidas. Non obstante, de concorreren circunstancias excepcionais que así o xustifiquen, o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, co informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local, poderá modificar aquelas taxas antes de que transcorra o seu período de vixencia.

5. Con independencia do obxectivo de estabilidade fixado para o conxunto do sector público e para cada un dos grupos de axentes comprendidos nel, de acordo co previsto no artigo 8 desta lei, así como dos fixados individualmente para cada comunidade autónoma e entidade local, e, de ser o caso, adicionalmente ao déficit fixado nos ditos obxectivos, con carácter excepcional, os suxeitos comprendidos nos artigos 2.1.a) e c) e 19.1 desta lei poderán presentar déficit cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, incluídas as destinadas a investigación, desenvolvemento e innovación.

O importe do déficit derivado dos ditos programas non poderá superar, en cómputo total e anual, o 0,20 por 100 do produto interior bruto nacional para o Estado, o 0,25 por 100 do produto interior bruto nacional para o conxunto das comunidades autónomas e o 0,05 por 100 do produto interior bruto nacional para as entidades locais a que se refire o artigo 19.1 desta lei.

6. Corresponde ao Ministerio de Economía e Facenda, a partir dos criterios xerais establecidos, no seu ámbito respectivo de actuación, polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e a Comisión Nacional de Administración Local, e para producir os efectos previstos neste artigo, autorizar os programas de investimentos das comunidades autónomas e das entidades locais, para o cal se terá en conta a contribución de tales proxectos á mellora da produtividade da economía e o nivel de endebedamento da comunidade autónoma e entidade local. En calquera caso, o programa de investimento deberá ser financiado, cando menos nun 30 por 100, con aforro bruto da Administración proponente.

Dos programas de investimento presentados polos suxeitos a que se refire o número anterior, así como da súa autorización polo Ministerio de Economía e Facenda, darase coñecemento ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, no seu ámbito de competencias respectivo.

7. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.b) desta lei realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

8. Os suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei ficarán obrigados a establecer nas súas normas reguladoras en materia orzamentaria os instrumentos e procedementos necesarios para adecualas á aplicación do principio de estabilidade orzamentaria.

9. Corresponde ao Goberno da Nación, sen prexuízo das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, velar pola aplicación do principio de estabilidade orzamentaria en todo o ámbito do sector público.

Artigo 8. *Establecemento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda e co informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao seu ámbito, fixará o obxectivo de estabilidade orzamentaria referido aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto do sector público como para cada un dos grupos de axentes comprendidos no artigo 2.1 desta lei.

O devandito obxectivo estará expresado en termos porcentuais do produto interior bruto nacional.

2. A proposta de fixación do obxectivo de estabilidade estará acompañada, para efectos do disposto nos artigos 3.1 e 7.2 desta lei, dun informe en que se avalíe a fase do ciclo económico que se prevé para cada un dos anos incluídos no horizonte temporal de fixación do dito obxectivo.

Este informe será elaborado polo Ministerio de Economía e Facenda, logo de consulta ao Instituto Nacional de Estatística e ao Banco de España sobre a posición cíclica da economía española, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea.

Conterá o cadro económico de horizonte plurianual e terá en conta, entre outros, os seguintes parámetros de referencia: a previsión de evolución do produto interior bruto nacional e diferencial respecto ao seu potencial de crecemento; o comportamento esperado dos mercados financeiros, do mercado laboral e do sector exterior; as previsións de inflación; as necesidades de endebedamento; as proxeccións de ingresos e gastos públicos en relación co produto interior bruto e a análise de sensibilidade da previsión.

Se o informe prevé para a economía española un crecemento económico superior á taxa de variación que para o efecto se tiver fixado de acordo co disposto no artigo 7.3 desta lei, o obxectivo de estabilidade dos suxeitos comprendidos nos artigos 2.1.a) e c) e 19.1 desta lei deberá ser necesariamente de superávit, sen prexuízo do disposto no artigo 193.1 a 3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, para as entidades locais. Neste caso o obxectivo de estabilidade fixarase tendo en conta o grao de converxencia da economía española coa Unión Europea en investigación, desenvolvemento e innovación e no desenvolvemento da sociedade da información.

Se a previsión de crecemento se encontra entre as taxas de variación fixadas de acordo co establecido no artigo 7.3 desta lei, os ditos suxeitos deberán presentar, cando menos, equilibrio orzamentario.

No caso de que o informe prevexa un crecemento económico inferior á taxa de variación que para o efecto se tiver fixado de acordo co disposto no artigo 7.3 desta lei, tales suxeitos poderán presentar déficit. Neste caso, o déficit en que poderán incurrir no cómputo total non poderá superar o 1 por 100 do produto interior bruto nacional, co límite do 0,20 por 100 do produto interior bruto nacional para o Estado, do 0,75 por 100 do produto interior bruto nacional para o conxunto das comunidades autónomas e do 0,05 por 100 do produto interior bruto nacional para as entidades locais a que se refire o artigo 19.1 desta lei.

O obxectivo de estabilidade dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.b) desta lei fixarase atendendo ás previsións de evolución demográfica e económica a medio e longo prazo.

3. O acordo do Consello de Ministros en que se conteña o obxectivo de estabilidade orzamentaria remitirase ás Cortes Xerais acompañado do informe a que se refire o número anterior. En forma sucesiva e tras o correspondente debate en pleno, o Congreso dos Deputados e o Senado pronunciaranse aprobando ou rexeitando o obxectivo de estabilidade proposto polo Goberno.

Se, aprobado o obxectivo de estabilidade polo Congreso dos Deputados, for rexeitado polo Senado, o obxectivo someterase a nova votación do Congreso, e aprobarase se este o ratifica por maioría simple.

4. Aprobado o obxectivo de estabilidade polas Cortes Xerais, a elaboración do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado deberase acomodar a ese obxectivo. Se é rexeitado, o Goberno, no prazo máximo dun mes, remitirá un novo acordo que se someterá ao mesmo procedemento.

5. O informe do Consello de Política Fiscal e Financeira a que se refire o número 1 deste artigo, así como os acordos daquel que se diten para a aplicación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, serán remitidos pola Secretaría Permanente do dito Consello á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, para o seu coñecemento.

Artigo 9. *Informes sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. Con anterioridade ao 1 de outubro de cada ano, o ministro de Economía e Facenda elevará ao Goberno un informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio inmediato anterior, así como da evolución cíclica real do exercicio e as desviacións respecto da previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 8.2 desta lei.

2. O ministro de Economía e Facenda informará o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e a Comisión Nacional de Administración Local, no seu ámbito respectivo de competencia, sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio inmediato anterior.

3. Os informes a que se refire este artigo serán publicados para xeral coñecemento.

Artigo 10. *Consecuencias derivadas do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. Caso de apreciar un risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o Goberno da Nación poderá formular unha advertencia á Administración responsable. Formulada esta advertencia, o Goberno dará conta dela para o seu coñecemento ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, se a advertida é unha comunidade autónoma, e á Comisión Nacional de Administración Local, se é unha entidade local.

2. O incumprimento do obxectivo de estabilidade que consista nun maior déficit do fixado requirirá a formulación dun plan económico-financeiro de reequilibrio a tres anos, co contido e alcance previstos nesta lei e na Lei orgánica 5/2001, complementaria desta.

3. Para valorar o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de cada un dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 2.1 desta lei terase en conta a evolución real da economía no exercicio orzamentario con relación á previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 8.2 desta lei.

Atendendo ás circunstancias recollidas no parágrafo anterior, o Goberno poderá propor ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, segundo proceda, a non aplicación a determinadas comunidades autónomas e entidades locais do plan de reequilibrio.

4. O cumprimento do obxectivo de estabilidade terase en conta na autorización de operacións de crédito e emisións de débeda das comunidades autónomas e das entidades locais nos termos previstos nos artigos 23 desta lei, 9 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5. Os suxeitos enumerados no artigo 2 desta lei que, incumprindo as obrigas contidas nela ou os acordos que na súa execución foren adoptados polo Ministerio de Economía e Facenda ou polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, provoquen ou contribúan a producir o incumprimento das obrigas asumidas por España fronte á Unión Europea como consecuencia do Pacto de Estabilidade e Crecemento, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que de tal incumprimento derivaren.

No proceso de asunción de responsabilidade financeira a que se refire o parágrafo anterior, garantirase, en

todo caso, a audiencia da Administración ou entidade afectada.

CAPÍTULO II

Estabilidade orzamentaria do sector público estatal

SECCIÓN 1.^a ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO

Artigo 11. *Escenario orzamentario plurianual.*

Con carácter previo ao proceso de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, o Ministerio de Economía e Facenda confeccionará uns escenarios de previsión plurianual referidos a ingresos e gastos nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 12. *Límite máximo anual de gasto.*

O acordo previsto no artigo 8 desta lei fixará o importe que, no proceso de asignación orzamentaria que deberá culminar coa aprobación dos orzamentos xerais do Estado do exercicio seguinte, constituirá o límite máximo de gasto non financeiro do orzamento do Estado.

Artigo 13. *Instrumentación do principio de transparencia.*

1. En aplicación do principio de transparencia, xuntaráselle ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado a información precisa para relacionar o equilibrio, déficit ou superávit orzamentario co equilibrio, déficit ou superávit calculado conforme as normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

No suposto de que se prevexa incorrer en déficit, deberase achegar, ademais, unha memoria plurianual en que se amose que a evolución prevista dos saldos orzamentarios, computados en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, garante a estabilidade ao longo do ciclo.

A todo o anterior uniranse as previsións relativas ao seguinte: a necesidade de financiamento do Estado, os investimentos das empresas públicas, a ratio gasto público do Estado en relación co produto interior bruto nacional e o nivel de débeda pública no exercicio seguinte.

2. O Ministerio de Economía e Facenda informará o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e a Comisión Nacional de Administración Local sobre o límite de gasto previsto no artigo 12 desta lei.

Artigo 14. *Corrección da situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade.*

1. Cando se presenten os orzamentos dos suxeitos comprendidos na alínea a) do artigo 2.1 desta lei incumprindo o obxectivo de estabilidade cun maior déficit do fixado, ou, de maneira excepcional, se presenten os orzamentos dos suxeitos comprendidos na letra b) do artigo 2.1 desta lei en posición de déficit, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un plan económico-financieiro de reequilibrio, que conterà a definición das políticas de ingresos e gastos que sexa preciso aplicar para corrixir tal situación no prazo máximo dos tres exercicios orzamentarios seguintes.

2. Cando concorran condicións económicas ou administrativas non previstas no momento da aprobación do plan económico-financieiro, o Goberno poderá remitir ás Cortes Xerais un plan rectificativo do plan inicial.

3. O Plan económico-financieiro de reequilibrio e, de ser o caso, o plan rectificativo do plan inicial a que se refiren os números anteriores deste artigo tramitaranse conforme ao disposto no artigo 8.3 desta lei.

SECCIÓN 2.^a XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 15. *Fondo de continxencia de execución orzamentaria.*

1. Dentro do límite de gasto fixado anualmente para o Estado, incluírase unha sección orzamentaria baixo a rúbrica «Fondo de continxencia de execución orzamentaria» por importe do 2 por 100 do citado límite.

2. Este fondo destinarase, cando proceda, a atender necesidades, de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

3. A aplicación da dotación incluída anualmente no «Fondo de continxencia de execución orzamentaria» requirirá a aprobación do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Facenda.

4. O Goberno, a través do Ministro de Economía e Facenda, remitirá ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, para o seu coñecemento, un informe trimestral sobre a aplicación do «Fondo de continxencia de execución orzamentaria» do trimestre inmediatamente anterior.

5. O remanente de crédito ao final de cada exercicio anual no «Fondo de continxencia de execución orzamentaria» non poderá ser obxecto de incorporación a exercicios posteriores.

Artigo 16. *Modificacións de crédito.*

Os créditos extraordinarios, suplementos de crédito, ampliacións e incorporacións de crédito, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e noutras disposicións legais, financiaranse mediante o recurso ao «Fondo de continxencia de execución orzamentaria» ou mediante baixas noutros créditos.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as modificacións de crédito dos suxeitos a que se refire a alínea b) do artigo 2.1 desta lei financiaranse na forma establecida nos artigos 54.3 e 57.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 17. *Saldo de liquidación orzamentaria.*

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria dos suxeitos enumerados nas alíneas a) e b) do artigo 2.1 desta lei presente unha situación de déficit, incumprindo o obxectivo de estabilidade, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un plan económico-financieiro de reequilibrio que se axustará ao disposto no artigo 14 desta lei.

2. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe nunha posición de superávit, este aplicarase do seguinte modo:

a) Na Administración xeral do Estado reducirá o seu endebedamento neto.

b) No sistema da Seguridade Social aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema.

SECCIÓN 3.^a ENTES DE DEREITO PÚBLICO DO ARTIGO 2.2Artigo 18. *Réxime aplicable aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.*

Os entes de dereito público a que se refire o artigo 2.2 desta lei, dependentes da Administración xeral do Estado, que incorran en perdas que afecten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, estarán obrigados a elaborar un informe de xestión sobre as causas do desequilibrio e, de ser o caso, un plan de saneamento a medio prazo, no que se indicarán as medidas correctoras de carácter económico-financieiro que deberán adoptar os seus órganos reitores. O contido, o prazo e o procedemento para a presentación do informe de xestión e do plan de saneamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO III

Estabilidade orzamentaria das entidades locais

Artigo 19. *Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.*

1. De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das entidades locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local, as entidades a que se refire este número serán determinadas polo Goberno.

2. Con carácter excepcional, poderán presentar déficit as entidades locais a que se refire o número anterior cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas.

O importe do déficit derivado dos ditos programas non poderá superar a porcentaxe dos ingresos non financeiros liquidados consolidados, considerando os entes citados no artigo 2.1.d) desta lei, do exercicio inmediatamente anterior da entidade local respectiva que para o efecto establece a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das entidades locais representadas nela. Para este fin, a Comisión Nacional de Administración Local deberase pronunciar no prazo improrrogable de quince días, dentro do límite fixado polo artigo 7.5 desta lei para as entidades locais. De non se formular unha proposta, o límite individual de cada entidade local será fixado polo Goberno.

Os programas de investimentos deberán ser sometidos a autorización do Ministerio de Economía e Facenda nos termos, co contido e cos límites establecidos no número 1 do artigo 7 desta lei e na forma que regulamentariamente se estableza.

Dos programas de investimento presentados polos suxeitos a que se refire este número así como da súa autorización polo Ministerio de Economía e Facenda darase coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.

3. O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Artigo 20. *Obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda formulará a proposta de obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto das entidades locais, proposta que se someterá a informe previo da Comisión Nacional de Administración Local antes da súa aprobación polo Goberno.

2. A Comisión Nacional de Administración Local, que actuará como órgano de colaboración entre a Administración do Estado e as entidades locais respecto das materias comprendidas nesta lei, disporá, como máximo, de quince días para a emisión do informe previo ao acordo a que se refire o número anterior. O devandito prazo contarase a partir da recepción da proposta de acordo na Secretaría da citada Comisión.

3. Cando o informe a que se refire o artigo 8.2 desta lei preveza un crecemento económico inferior á taxa que para o efecto se fixase de acordo co disposto no artigo 7.3 desta lei, as entidades locais a que se refire o número 1 do artigo 19 poderán presentar déficit, que non poderá superar a porcentaxe dos ingresos non financeiros consolidados da entidade local respectiva que estableza a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das entidades locais representadas nela. Para este fin, a Comisión Nacional de Administración Local deberase pronunciar no prazo improrrogable de quince días, dentro do límite fixado polo artigo 8.2 desta lei para as entidades locais. De non se formular unha proposta, o límite individual de cada entidade local será fixado polo Goberno.

Artigo 21. *Subministración de información.*

1. Para a aplicación efectiva do principio de transparencia e dos demais principios establecidos nesta lei, o Ministerio de Economía e Facenda poderalles reclamar ás entidades locais a información necesaria para os efectos indicados no artigo 5 desta lei.

2. A concreción e procedemento da información que se deberá subministrar serán obxecto de desenvolvemento por orde do ministro de Economía e Facenda, co informe previo da Comisión Nacional de Administración Local. Esta orde establecerá así mesmo o prazo de remisión da información, que non excederá os trinta días naturais, contados desde a finalización do período temporal fixado para as remisións periódicas, e desde o feito que determine a variación de datos respecto da información anteriormente enviada para as remisións non periódicas.

3. A información subministrada conterá, como mínimo, os seguintes datos en función do período considerado:

a) Polas entidades locais incluídas no número 1 do artigo 19 desta lei, información trimestral: da liquidación do orzamento de ingresos e gastos ou, de ser o caso, balance e conta de resultados dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.d) desta lei.

b) Información anual:

1. Orzamento xeral ou estados de previsión de ingresos e gastos de cada unha das entidades dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.d) desta lei.

2. Liquidación do orzamento de ingresos e gastos dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.d) desta lei.

3. Clasificación funcional do gasto.

4. Obrigacións recoñecidas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles e non satisfeitas, non imputadas ao orzamento.

5. Avais outorgados.

6. Estado de contas de tesouraría.

7. Estado da débeda.

8. Detalle das operacións sobre activos financeiros efectuadas polos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.d) desta lei, con especial referencia ás achegas financeiras a sociedades mercantís e entidades públicas.

9. Contas anuais dos suxeitos comprendidos nos números 1.d) e 2 do artigo 2 desta lei que estean sometidos ao Plan Xeral de Contabilidade da Empresa Privada.

c) Información non periódica: detalle de todas as unidades dependentes da entidade local incluídas no ámbito de aplicación desta lei, necesario para a formación e mantemento dun inventario actualizado polo Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 22. *Corrección das situacións de incumprimento do obxectivo de estabilidade.*

1. As entidades locais que non cumprisen o obxectivo de estabilidade fixado no artigo 20 desta lei estarán obrigadas á aprobación polo Pleno da corporación, no prazo de tres meses desde a aprobación ou liquidación do orzamento ou aprobación da conta xeral en situación de desequilibrio, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo máximo de tres anos.

Neste plan recolleranse as actividades que se realizarán e as medidas que se adoptarán en relación coa regulación, execución e xestión dos gastos e dos ingresos, que permitan garantir o retorno a unha situación de estabilidade orzamentaria.

2. No caso das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o plan económico-financieiro de reequilibrio será remitido para a súa aprobación ao Ministerio de Economía e Facenda, que, ademais, será o órgano responsable do seu seguimento, salvo no suposto de que a comunidade autónoma no territorio da cal se encontre a entidade local teña atribuída no seu estatuto de autonomía a competencia de tutela financeira sobre as entidades locais.

Neste último suposto o plan económico-financieiro será remitido á correspondente comunidade autónoma, a cal será a responsable da súa aprobación e seguimento. A comunidade autónoma concernida deberá remitir información ao Ministerio de Economía e Facenda sobre os devanditos plans e sobre os resultados do seguimento que efectúe sobre eles.

3. Os plans económico-financieiros de reequilibrio serán remitidos, para o seu coñecemento, á Comisión Nacional de Administración Local. Daráselles a estes plans a mesma publicidade, para efectos exclusivamente informativos, que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

Artigo 23. *Autorización de operacións de crédito e emisión de débeda.*

1. A autorización ás entidades locais para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumpri-

mento do establecido no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. As entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que, incumprindo o obxectivo de estabilidade, teñan aprobado un plan económico-financieiro de reequilibrio deberán someter a autorización administrativa as operacións de crédito a longo prazo que pretendan concertar.

3. Así mesmo, as entidades locais mencionadas no número anterior deberán solicitar autorización para concertar calquera operación de endebedamento, con independencia do seu prazo, cando non presentasen o plan económico-financieiro ou este non fose aprobado polo Ministerio de Economía e Facenda ou, de ser o caso, pola comunidade autónoma correspondente.

4. As restantes entidades locais que incumplan o obxectivo de estabilidade deberán solicitar autorización para concertar operacións de crédito a longo prazo nos supostos recollidos nos números 1 e 2 do artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e exorarán, na correspondente solicitude, as medidas de corrección do desequilibrio orzamentario aprobadas.

5. Deberán ser obxecto, en todo caso, de autorización polo Ministerio de Economía e Facenda as operacións recollidas no número 5 do artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais antes citado.

Artigo 24. *Central de información.*

O Ministerio de Economía e Facenda manterá unha central de datos de carácter público que provexa a información sobre as operacións de crédito, a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito ou asunción de riscos e as cargas financeiras delas derivadas, concertadas pola Administración xeral das entidades locais e demais suxeitos dela dependentes, a que se fai referencia no artigo 2.1.d) e 2.2 desta lei, nos termos do artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 25. *Réxime aplicable aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 desta lei.*

Os entes de dereito público a que se refire o artigo 2.2 desta lei, dependentes das entidades locais, que incorran en perdas que afecten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, estarán obrigados a elaborar un informe de xestión, dirixido ao Pleno da corporación, sobre as causas do desequilibrio e, de ser o caso, un plan de saneamento a medio prazo, no cal se indicarán as medidas correctoras de carácter económico-financieiro que serán adoptadas polos seus órganos reitores. O contido, o prazo e o procedemento para a presentación do informe de xestión e do plan de saneamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Disposición adicional única. *Non asunción polo Estado de obrigas contraídas por outras administracións.*

O Estado non asumirá nin responderá dos compromisos das comunidades autónomas, das entidades locais e dos entes vinculados ou dependentes daquelas, sen prexuízo das garantías financeiras mutuas para a realización conxunta de proxectos específicos.

Disposición transitoria primeira. *Determinación transitoria dos límites de crecemento económico a que se refire o artigo 7 desta lei.*

1. Nos dous primeiros orzamentos cuxa elaboración deba iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2008, a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o limiar de crecemento económico por debaixo do cal o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais do artigo 19.1 desta lei poden presentar déficit, será do 2 por 100 do produto interior bruto nacional.

2. Así mesmo, nos dous primeiros orzamentos cuxa elaboración se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008 a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o limiar de crecemento económico por riba do cal o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais do artigo 19.1 desta lei deben presentar superávit, será do 3 por 100 do produto interior bruto nacional.

3. Transcorrido o período inicial a que se refiren os números anteriores, ou antes da dita data se concorren circunstancias excepcionais que así o aconsellen, as taxas de variación serán fixadas na forma establecida no artigo 7.3 desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime dos plans de saneamento aprobados antes da entrada en vigor da lei.*

1. Os plans económico-financeiros de saneamento das comunidades autónomas ou entidades locais do artigo 19.1 desta lei, aprobados como consecuencia de orzamentos cuxa elaboración debía iniciarse con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, continuarán transitoriamente en vigor polo prazo inicial para o cal foron aprobados.

Neste caso, as comunidades autónomas ou entidades locais poderán presentar déficit nos exercicios para os cales, en razón da situación do ciclo económico, así se prevexa ou cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, nos termos establecidos para o efecto nos artigos 7 e 8 desta lei.

Os déficits autorizados ao abeiro dos devanditos preceptos son adicionais aos previstos nos plans de saneamento que continúen en vigor.

2. O seguimento do cumprimento e execución dos plans económico-financeiros de saneamento a que se refire o número anterior levarase a cabo en función da base de entidades que constituían o seu sector de administracións públicas no momento en que foron aprobados.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

1. Esta lei, aprobada ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución, constitúe lexislación básica do Estado, salvo o disposto no capítulo II do seu título II.

2. Así mesmo, esta lei apróbase ao abeiro das competencias que os artigos 149.1.11.^a e 149.1.14.^a da Constitución atribúen de maneira exclusiva ao Estado.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, aprobe a Administración xeral do Estado, terán carácter de básicas cando constituán o complemento necesario

respecto ás normas que teñan atribuída tal natureza conforme a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Consello de Ministros, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a efectiva implantación dos principios establecidos nela.

2. Para facer efectivo o cumprimento do principio de transparencia, mediante orde do Ministro de Economía e Facenda, co informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas no que a estas afecte, determinaranse os datos e documentos obxecto de publicación periódica para coñecemento xeral, os prazos para a súa publicación, e o modo en que aqueles deban publicarse.

3. As normas de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, así como dos escenarios orzamentarios pluri-anuais, serán aprobadas por orde do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición derradeira cuarta. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

22529 *REAL DECRETO 1757/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de salario medio anual do conxunto de contribuíntes, obriga de declarar e retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo.* («BOE» 313, do 31-12-2007.)

O punto 2 do artigo 18 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, contén no seu último parágrafo a habilitación regulamentaria para a determinación do salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto, magnitude que intervéen no cálculo da contía máxima sobre a que se aplica, de ser o caso, a redución do 40 por cento dos rendementos do traballo que deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores. Este real decreto modifica o punto 4 do artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, para actualizar a contía desta magnitude.

En segundo lugar, en relación coa obriga de declarar, modifícase a letra C) do artigo 61.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas co obxecto de adecuar a súa redacción ao disposto no artigo 96 da